

ACTUALIZACIÓN DE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS PARA DOCENTES

SEMANA 1

TAREFA 1: Primeiros pasos pola aula virtual I (**Obrigatoria**)

1. Identifícate na aula virtual co usuario e contrasinal e accede ao curso “Actualización de Ferramentas Tecnolóxicas para Docentes”.
2. Navega polos menús da páxina e familiarízate co seu deseño.
3. Visualiza unha vez os vídeos ou tutoriais relativos á Aula Virtual e ao servizo de videoconferencia, porén non é necesario estudalos xa que imos a traballar sobre eles máis adiante.
4. Entra no teu perfil e comproba o teu enderezo de correo electrónico. Se no teu perfil figura un enderezo que non desexes, edita o perfil e garda os cambios.
5. Cambia a foto de perfil e engade unha foto propia. Fíxate ben nas opcións do perfil e, se así o desexas, cambia o que precises para que se adapte aos teus gustos persoais.
6. Utilización do foro:
 - 6.1. Engade un novo tema de discusión no foro de presentacións e preséntate.
 - 6.2. Responde, polo menos, a unha mensaxe do foro doutra persoa.
7. Utiliza o foro de dúbidas para preguntar calquera cousa que precises. Axuda ao resto de participantes se téas a solución ás súas inquedanzas.

TAREFA 2: Primeiros pasos pola aula virtual II (**Obrigatoria**)

1. Crea a túa primeira aula virtual
 - 1.1. Visualiza as veces que precises o vídeo “Aula Virtual. Vídeo 1: crear cursos” da sección “AULA VIRTUAL. MOODLE”.
 - 1.2. Fai *click* en Administración do Curso e engade un novo curso. Sitúate na categoría que che corresponde e crea un curso coma no exemplo:
 - Se es especialista: entras na categoría que che corresponda (Inglés, Educación Física...) e creas un curso que desexes, por exemplo “Segundo”.
 - Se es titor: entras no curso que che corresponda e creas a materia que desexes, por exemplo “Matemáticas”.

TAREFA 2: Primeiros pasos pola aula virtual (**Opcional**)

1. Comenta o vídeo “[Soberanía tecnológica en tiempos de confinamiento](#)” cos teus compañeiros. Estás de acordo co que nel se argumenta? Expón as túas razóns. Emprega o foro “Tarefa 2. Opcional”.